

## **IX FESTIVAL BURGOJAZZ – 2009.**

**(13 – 14 – 15 – 16 – 17 de xullo)**

**¡O MELLOR JAZZ GALEGO NO BURGO!**

Unha vez rematado o II Festival: JAZZMARIÑAS, que dende o 5 de xuño, que se clausurou en Culleredo o 26 de xullo fixo as ledicias dos amantes do Jazz, e que organizado polos 9 Concellos do Consorcio das Mariñas, acadou un éxito tanto no musical como de público, impulsado por este Concello que considera un grande acerto ó acordo da súa creación, agora chega **BURGOJAZZ**.

Por noveno ano consecutivo a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, tras o éxito acadado nas edicións anteriores, presenta de novo o **IX Festival BURGOJAZZ** cun programa anovado, onde non repite ningún grupo, que estivera nas anteriores edicións, e que este ano dedicamos ás mellores formacións do JAZZ – GALEGO, e que se celebrará os días 13 – 14 – 15 – 16 – 17 de xullo na Aula da Natureza do Xardín Botánico “Ría do Burgo”, salvo o concerto inaugural que será no Edificio Municipal de Servizos Múltiples de O Burgo.

Hai nove anos creábase o "BURGOJAZZ", o Festival de Jazz de Culleredo, que dun xeito modesto quería contribuir a crear un público de jazz no noso concello, así como animar o movemento jazzístico en xeral, incidindo na aparición de novos grupos e creadores, xa que nese momento non existían suficientes grupos para encher un festival, na provincia.

Paralelamente á andaina do "Burgojazz", nestes nove anos fóronse descubrindo novos camiños e públicos, que ten como resultado a aparición dun novo jazz galego que incorpora novos rexistros, tendencias, e un importante grupo de novos creadores que permita manter festivais como o "Burgojazz" presentando cada ano carteis anovados.

Cando vimos de rematar o II FESTIVAL JAZZMARIÑAS, que organizan os concellos do Consorcio das Mariñas, e que é unha nova aposta na

que participamos, de apoio ó noso jazz, dirixido ós seguidores desta música, comeza a novena edición de "BURGOJAZZ".

A aposta que realizamos vese inmediatamente recompensada cun público fiel, formado e entendido, a quen diriximos este IX Burgojazz, esperando acertar cos grupos elixidos para o programa deste ano dedicado ás mellores formacións de Jazz galego, recoñecidas xa no panorama estatal e mesmo internacional como no caso de "Proxecto Miño" de Baldo Martínez ou "Pascala" de Terela Gradín e Manuel Gutiérrez que encabezan un cartel de cinco días de festival, onde incluímos a dúas formacións clásicas no panorama jazzístico galego como Jazz Vides Quartet, Alvarado Jazz Quartet, e as novas tendencias Lobalú Trío. Unha aposta de moita calidade que de seguro animará a públicos moi diversos neste incomparable marco do Xardín Botánico "Ría do Burgo".

O bo momento musical da Comarca coruñesa coa proliferación de conservatorios e escolas de música, orquestras e acontecementos musicais de primeiro orde, animaron e animan á creación de eventos musicais, que como este Festival de Jazz, naceu con moito esforzo pero tamén con moita ilusión e empeño e só necesitan ir consolidando a súa programación e recibindo apoios e achegas das diferentes administracións públicas como no caso deste ano da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña.

**CONCERTO INAUGURAL EDIFICIO MUNICIPAL DE  
SERVIZOS MÚLTIPLES - O BURGO**  
**Luns 13 de xullo - ás 20:30 horas**

**A INAUGURACIÓN DO FESTIVAL, E PRIMEIRO DOS CONCERTOS, CELÉBRASE NO EDIFICIO MUNICIPAL DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO BURGO, POLO ENORME NÚMERO DE MÚSICOS E MATERIAL TÉCNICO, NECESARIO NA ACTUACIÓN DE, NADA MENOS, QUE BALDO MARTÍNEZ E O SEU GRUPO QUE INTERPRETARÁN PROXECTO MIÑO.**

**CONCERTO PATROCINADO POLA XUNTA DE GALICIA DENTRO DO  
PROGRAMA XACOBEO 2009.**

➤ **Luns 13 de xullo** – ás 20:30 horas

### **BALDO MARTÍNEZ (Proxecto Miño)**

*Proxecto Miño* nace como un encargo do Festival Internacional de Jazz de Guimaraes para o contrabaixista Baldo Martínez, un dos músicos máis completos do panorama nacional. Nove espléndidos músicos en escena cunha variedade tímbrica moi sorprendente desenvolven, na linguaxe do jazz contemporáneo, unha música inspirada nas músicas tradicionais que xurden arredor do Miño, no seu espazo fronteirizo entre Galicia e Portugal. Un concerto fóra do corrente onde jazz e folclore fúndense con asombrosa naturalidade e con maxistras resultados. O disco foi nominado como mellor álbum de jazz de 2008.

Os intérpretes de Proxecto Miño son:

Contrabaixo, composición e dirección: Baldo Martínez

Voz: Maite Dono

Zanfoña: Germán Díaz

Tuba e serpentón: Chiaki Mawatari

Trompeta: David Herrington

Guitarra eléctrica: Antonio Bravo

Saxo e clarinete: Alejandro Pérez

Percusión: Pedro López

Vifráfono e percusión: Carlos Castro

➤ **Martes 14 de xullo** ás 20:30 horas, no Xardín Botánico “Ría do Burgo” o Festival BURGOJAZZ, actuará o grupo **“ALVARADO JAZZ QUARTET”**

O nome de Quique Alvarado é un dos grandes referentes no panorama de jazz na nosa comunidade, non só pola súa veteranía nos escenarios senón tamén polo seu empeño no labor pedagóxico no campo do jazz. Este grupo de experimentados artistas pretenden abarcar todos os estilos, desde o berce do jazz ata as últimas creacións dos anos 70.

É un concerto melódico rítmico e dinámico no que a improvisación converte a actuación nun espectáculo de luxo.

Formación: Contrabaixo, batería, metal-vento e piano.

- **Mércores 15 de xullo** ás 20:30 horas, no Xardín Botánico “Ría do Burgo”, o Festival BURGOJAZZ ofrece a actuación de: “**JAZZ VIDES QUARTET**”

Ofrécenos temas de estándares amplamente coñecidos aos que os músicos de jazz recorren con frecuencia como base para improvisar. Cancións de autores coma Gershwin accederon á categoría estándar na era do swing.

O seu líder é o trompetista Guillermo Lancelotti, quen aos 15 anos comeza a súa carreira e descobre os sons do jazz a través de Louis Armstrong.

Convértese nun trompetista versátil e participa en varios festivais de jazz internacional compartindo escenario con B. B. King. Tamén colaborou con grupos como Os Satélites, Big Botton Band e Mercedes Peón.

Trompeta e Filiscorno: Guillermo Lancelotti

Guitarra: Fernando Varela

Baixo: Carlos Martínez

Batería: Álvaro de Camariñas

- **Xoves 16 de xullo** ás 20:30 h. no Xardín Botánico “Ría do Burgo” sube ó noso escenario jazzístico “**LOBALÚ TRÍO**”

A formación nace no ano 2004 a partir da asociación de músicos despois do festival de verán Feito a man en Santiago, no que comparte cartel coa bailarina e profesora Branca Novoneyra nun espectáculo audiovisual no que confluían danza e música. É un espectáculo íntimo e sinxelo onde o ingrediente esencial é a sensibilidade dos compoñentes e a do público co que se trata de trazar unha ponte que facilita a comunicación e o disfrute.

O repertorio abarca diferentes estilos desde as composicións orixinais ata estándar de jazz ou brasileira.


- **Venres 17 de xullo** ás 20:30 h. no Xardín Botánico “Ría do Burgo” ocupan o escenario **TERELA GRADÍN & MANUEL GUTIÉRREZ: PASCALA”**

Despois de Loost (Errabal 06) a formación galega dá unha nova volta de torca no seu ánimo de facer de alquimistas musicais. Combinando composicións propias con versións de clásicos da música pop-rock-jazz.

Coma sempre Terela e Manuel saben rodearse de impresionantes músicos que permiten plasmar nos directos todas as exquisiteces do disco. E de novo sacando a relucir os magníficos músicos que temos no país.

Voz: Terela Gradín  
Piano: Manuel Gutiérrez  
Contrabaixo: Tom Warburton  
Guitarra: Marcelino Galán  
Batería: Dani Domínguez

Culleredo, 7 de xullo de 2009.  
O CONCELLEIRO DE CULTURA



Asdo.: Celestino Poza Domínguez.